

PLAN AFEDAP

1. Requisitos de participación.

Poderán participar nas accións formativas do Plan Afedap todas/os as/os profesionais que presten ou prestasen servizos nas institucións do Servizo Galego de Saúde, as/os profesionais que estean formándose como especialistas en Ciencias da Saúde (persoal residente en formación), as/os aspirantes a vinculacións temporais no ámbito das institucións do Sistema Público de Saúde de Galicia, ao abeiro do Pacto de selección temporal vixente en cada momento, así como o persoal integrado no réxime estatutario pertencente á Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia (061), Galaria, Axencia de Doazón de Órganos e Sangue (ADOS), Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS), Fundación Pública Instituto Galego de Oftalmoloxía (INGO).

As persoas interesadas en participar nas actividades formativas deberán cumprir os requisitos esixidos para cada curso.

Non poderán participar nas actividades formativas presenciais as persoas solicitantes incluídas na listaxe de persoal seleccionado que, ao inicio do curso, se atopen en situación de baixa laboral por incapacidade temporal. Esta incidencia comunicarlalla, por escrito, a persoa afectada á ACIS, para os efectos de cubrir a vacante e evitar a penalización que comportaría a súa falta de comunicación, prevista na cláusula sexta.

2. Solicitudes.

As persoas que desexen participar nas actividades formativas convocadas nesta resolución deberán cubrir o formulario de preinscrición telemática na páxina web da ACIS (<https://acis.sergas.gal>).

A falsidade ou ocultación de datos esenciais para a selección das persoas aspirantes dará lugar á exclusión automática do curso solicitado, así como á imposibilidade de participar en ningunha outra actividade formativa nos doce meses seguintes. A ACIS reserva para si o dereito a solicitar a información necesaria para verificar tales datos.

Serán excluídas automaticamente aquelas solicitudes que non teñan consignados correctamente os datos necesarios para realizar o proceso selectivo das persoas solicitantes.

Aínda así, durante o prazo de inscrición, en caso de erro ao cubrir a solicitude, poderá anularse esta, utilizando o procedemento establecido na base sexta desta convocatoria e realizar, de ser o caso, unha nova petición (sen superar o máximo das seis inscricións anuais permitidas).

Ante eventuais incidencias, as/os aspirantes deberán imprimir unha copia do formulario de preinscrición enviado telematicamente ou conservar o que recibisen no seu correo electrónico, para o cal deberán prestar especial atención na consignación de datos, comprobando que o enderezo de correo electrónico estea correctamente consignado.

As/os profesionais incluídos no artigo 162 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia ademais das persoas discapacitadas, cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33%, que desexen que se lles teña en conta, para os efectos do disposto na base cuarta, deberán remitir, no prazo establecido para o envío da solicitude de preinscrición, a certificación orixinal ou fotocopia legalizada acreditativa da súa situación ao seguinte enderezo:

Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS). Avenida Fernando de Casas Novoa. Edificio CNL, nº 37, portal A-1ª planta, 15707 Santiago de Compostela (A Coruña).

A consignación dos datos da solicitude e o seu envío telemático non implicará a admisión inmediata á actividade formativa seleccionada, que se producirá nos termos indicados na cláusula quinta.

Só se poderá solicitar a participación nun máximo de oito actividades formativas de teleformación por ano, non computando para este límite os cursos de autoformación nin os presenciais.

No caso de desexar realizar un curso que xa foi completado con anterioridade, deberá transcorrer un prazo mínimo de cinco anos dende a súa realización. Esta limitación non será aplicable ás xornadas, que poderán repetirse sen restrición temporal.

3. Prazo de inscrición

A partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia ata un mes antes do inicio de cada actividade formativa.

4. Criterios de selección de participantes.

Os criterios de selección para participar nas accións formativas convocadas ao abeiro do Plan de Formación Continua para o persoal do Servizo Galego de Saúde serán os que deseguido se detallan, tendo en conta que, en todo caso, se reservará en cada actividade formativa unha cota do 5% para ser cuberta por persoas discapacitadas cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33%, sempre que poidan acreditalo e cumpran os requisitos establecidos na convocatoria para cada actividade:

1. Resultar, a persoa solicitante, destinataria da concreta actividade formativa, de conformidade co establecido no anexo para cada curso.
2. Unha vez aplicado o criterio anterior, de existir máis solicitudes que prazas, terán prioridade as/os aspirantes que realicen tarefas máis directamente relacionadas co contido básico e obxectivos do curso. Con esta finalidade, na solicitude deberanse detallar as tarefas que sexan máis representativas do posto de traballo e que garden relación específica cos contidos da actividade; non se valorarán as funcións que non fosen indicadas.
3. Quen estiver a gozar dunha excedencia por coidado de fillos ou fillas xa superado o primeiro ano, a preferencia será absoluta e manterase ata dentro dos dous anos posteriores a finalizar a excedencia.
4. Quen estiver a gozar dun permiso ou en situación de suspensión do contrato por nacemento ou adopción, garda con fins de adopción e acollemento, risco durante o embarazo e risco durante a lactación natural, redución de xornada ou en excedencia por coidado de fillos ou fillas ou familiares, ou que gozasen deses dereitos ou do dereito á flexibilidade e á adaptación da xornada dentro dos dous anos anteriores á convocatoria da actividade formativa.
5. Profesionais que ocupen postos de difícil cobertura de conformidade co artigo 5 da Lei 2/2022, do 6 de outubro, de medidas extraordinarias dirixidas a impulsar a provisión de postos de difícil cobertura de determinado persoal estatutario con título de especialista en ciencias da saúde do Servizo Galego de Saúde.
6. Menor número de cursos realizados nos cinco anos anteriores.
7. Terán prioridade os/as profesionais con vínculo fixo sobre os temporais.

8. Terán prioridade os/as empregados públicos que acrediten maior tempo de servizos prestados no ámbito de institucións sanitarias públicas da Unión Europea. Este dato facilitaráselle directamente á ACIS das bases de datos de persoal. A persoa solicitante deberá achegar unicamente, nos prazos establecidos para o envío das solicitudes de preinscrición, certificación orixinal ou copia compulsada dos servizos prestados fóra do Sistema Público de Saúde de Galicia, que deberá ser remitida á Dirección da Axencia.

9. En cada un dos tres puntos anteriores e de acordo co artigo 36 do DECRETO 48/2023, de 20 de abril, de ordenación do sistema de formación sanitaria especializada na Comunidade Autónoma de Galicia, as persoas titoras terán preferencia na participación de actividades formativas relacionadas coa mellora da competencia en áreas de práctica clínica e naquelas áreas competenciais propias da acción tutorial, tales como planificación, coñecemento e desenvolvemento de métodos de aprendizaxe, avaliación, técnicas de comunicación, busca de información e xestión da docencia.

Ademais, e de conformidade co disposto no artigo 155 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, nos cursos, nas xornadas ou noutras actividades formativas que tiveren contidos relativos a actividades nas cales as mulleres estiveren infrarrepresentadas, organizados ou financiados pola Administración xeral ou por unha entidade do sector público autonómico de Galicia, reservárase un 50 por cento das prazas para mulleres que reúnan os requisitos esixidos na convocatoria. As mulleres só accederán a esta quenda reservada unha vez cubertas todas as prazas da quenda non reservada.

10. Por último, no caso de empate, resolverase por sorteo.

11. No caso de quedar prazas vacantes, tamén poderán participar nas accións formativas do Plan Afedap as/os profesionais que estean formándose como especialistas en Ciencias da Saúde (persoal residente en formación).

Os créditos concedidos polo Sistema Acreditador da Formación Continuada das profesións sanitarias na Comunidade Autónoma de Galicia non son aplicables aos profesionais que estean formándose como especialistas en Ciencias da Saúde (persoal residente en formación) aos efectos do seu programa formativo.

12. No caso de que, unha vez aplicados os criterios de selección establecidos, permanezan prazas vacantes, poderán ser cubertas por profesionais procedentes doutros ámbitos asistenciais, unidades ou áreas organizativas, sempre que pertenczan á mesma categoría profesional para a que se convocou a actividade formativa.

13. A ACIS poderalles ofrecer ás/aos admitidas/os nunha actividade formativa anulada, a súa incorporación voluntaria noutra edición desa mesma actividade, sempre que nesta última haxa vacantes. Neste suposto, o chamamento ás/aos admitidas/os será pola orde de admisión da actividade anulada.

5. Publicación das listaxes de admitidas/os

Unha vez expirado o prazo de presentación de solicitudes, publicarase na páxina web da ACIS a listaxe provisional de admitidas/os e excluídas/os na acción formativa concreta, así como as causas da súa exclusión.

Ademais, enviarase unha SMS a xeito de recordatorio ás/aos admitidas/os en cada acción formativa, sempre que se dispoña na base de datos da ACIS dun número de teléfono móbil. Estas mensaxes son simplemente informativas e non eximen aos aspirantes de consultar a páxina web da ACIS.

As/os aspirantes excluídas/os disporán dun prazo de dez días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da listaxe provisional, para poder emendar, de ser o caso, o defecto ou defectos que motivasen a exclusión e formular as reclamacións que coiden pertinentes.

Unha vez rematado o prazo e resoltas pola ACIS as reclamacións presentadas, logo do informe da comisión paritaria respectiva, de ser o caso, publicarase na páxina web da ACIS, cunha antelación mínima de cinco días naturais ao inicio do curso, a listaxe definitiva de admitidas/os e excluídas/os.

En ningún caso se admitirá a asistencia de persoas na condición de oíntes.

6. Anulación de reserva

Se a/o aspirante seleccionada/o para a realización dunha actividade formativa decide non asistir a ela, deberá comunicar a súa renuncia a través da páxina web da ACIS cunha antelación mínima de catro días naturais á data fixada para o inicio da citada actividade, sen contar ese día de inicio.

No caso de que a/o aspirante sexa seleccionada/o en dúas ou máis edicións da mesma actividade formativa, deberá comunicar a súa renuncia a través do mesmo procedemento, optando por unha única edición na que participará.

De non proceder deste modo e, salvo causa debidamente xustificada por forza maior ou acontecemento imprevisible, durante os doce meses seguintes a persoa aspirante quedará relegada ao final da listaxe de selección de calquera actividade formativa que solicite, de maneira que só poderá ser admitida se, unha vez aplicados os criterios de prioridade previstos na Base Cuarta, permanecesen prazas vacantes.

Esta norma non será de aplicación aos cursos de autoformación. En consecuencia, non será obrigatorio comunicar ningunha baixa nos cursos de autoformación, e a penalización por incumprimento no resto das actividades formativas non afectará a posibilidade de continuar realizando este tipo de cursos.

7. Certificación de asistencia.

Os/as profesionais que superen as actividades en que sexan admitidas/os terán á súa disposición a certificación, que poderán visualizar no seu expedient-e (Fides), que estará validada de xeito automático. As certificacións emitiranse en formato dixital e cada persoa poderá descargalas dende o seu perfil da ACIS.

Así mesmo, estarán dispoñibles en formato dixital dende "O perfil ACIS" (<https://acis.sergas.es/cartafol/O-meu-perfil>) as certificacións de todas as actividades formativas realizadas con posterioridade ao 1 de xaneiro do ano 2009. Poderanse emitir certificacións de anos anteriores ao 2009 nos casos en que sexa solicitado pola persoa interesada, vía correo electrónico (certificacions.acis@sergas.es) e xustificando o motivo desta solicitude.

Para considerar que a acción formativa se superou, ten que constatarase a asistencia ás horas lectivas cunha ausencia máxima do 10% da súa duración, se a actividade formativa ten unha duración superior a catro horas. Para iso, durante o desenvolvemento da actividade, as persoas participantes deberán asinar nos controis de entrada e saída que se establezan. No caso das actividades cunha duración inferior ou igual a catro horas, a asistencia deberá ser do 100%. Ademais, no suposto de que os cursos esixan a realización dalgunha proba ou traballo, expediráselles o certificado unicamente ás/aos alumnas/os que a superen.

No caso de actividades formativas que teñan unha parte de teleformación deberanse

completar os contidos, probas ou tarefas que se inclúan segundo se indica na guía que recibirá a/o alumna/o antes do inicio do curso.

Aquelas persoas que non obtivesen a certificación poderán solicitar a revisión do seu caso sempre que o curso fose impartido no ano inmediatamente anterior.

8. Protección de datos

Os seus datos de carácter persoal serán tratados polo Servizo Galego de Saúde para ser incorporados ao tratamento "Xestión da formación", cuxa finalidade é, entre outras, a xestión e control das actividades formativas que organizan a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e o resto de entidades que constitúen o Sistema sanitario público a profesorado, alumnado, alumnado en prácticas e asistentes a cursos. Esta finalidade é necesaria para o cumprimento dunha obriga legal.

Os dereitos de acceso, rectificación, supresión e portabilidade dos seus datos, de limitación e oposición ao seu tratamento, así como a non ser obxecto de decisións baseadas unicamente no tratamento automatizado dos seus datos, cando procedan, pódense exercer ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, Edificio Administrativo San Lázaro, R/San Lázaro s/n, 15703 Santiago de Compostela ou no enderezo de correo electrónico dpd@sergas.gal

Pode consultar información máis detallada deste tratamento de datos no enderezo www.sergas.gal/protecciondatos